

Facultade de Enfermaría e Podoloxía



## **TRABALLO DE FIN DE GRAO EN ENFERMARÍA**

Eficiencia dos novos anticoagulantes orais fronte  
Acenocumarol e Warfarina en fibrilación auricular,  
unha revisión bibliográfica

**Elena Torrado Porta**

**Curso académico 2021/2022**

**Director(es): Serafín de Dios Romero**

## ÍNDICE

1. SIGLAS E ACRÓNIMOS .....	1
2. RESUMO .....	2
3. RESUMEN.....	4
4. ABSTRACT .....	6
5. INTRODUCCIÓN .....	8
5.1 AVALIACIÓN DO RISCO HEMORRÁXICO E TROMBÓTICO.....	9
5.2 TRATAMENTO .....	9
5.2.1 ANTAGONISTAS DA VITAMINA K.....	9
5.2.2 ANTICOAGULANTES ORAIS DE ACCIÓN DIRECTA.....	10
6. FORMULACIÓN DA PREGUNTA DO ESTUDO .....	11
7. OBXECTIVOS .....	11
7.1 OBXECTIVO XERAL.....	11
7.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS .....	11
8. METODOLOXÍA .....	12
8.1 ESTRATEXIA DE BUSCA.....	12
8.2 CRITERIOS DE INCLUSIÓN.....	12
8.3 CRITERIOS DE EXCLUSIÓN .....	12
8.4 VARIABLES DO ESTUDO .....	13
8.5 SELECCIÓN DE ESTUDOS.....	13
9. RESULTADOS .....	13
9.1 METAANÁLISES E REVISIÓNS SISTEMÁTICAS.....	14
9.2 ARTÍGOS ORIXINAIS .....	18
9.3 REVISIÓN NARRATIVA.....	20
10. DISCUSIÓN.....	21
11. CONCLUSIÓN.....	24
12. BIBLIOGRAFÍA.....	24
13. ANEXOS.....	29
13. 1 ANEXO I.....	29
13.2 ANEXO II.....	29
13.3 ANEXO III.....	30
13.4 ANEXO IV .....	30
13.5 ANEXO V .....	31
13.6 ANEXO VI .....	33
13.7 ANEXO VII .....	33

## **SIGLAS E ACRÓNIMOS**

**FA:** Fibrilación Auricular

**ACV:** Accidente Cerebrovascular

**ACOD:** Anticoagulantes Oraís de Acción Directa

**AVK:** Antagonistas da Vitamina K

**FANV:** Fibrilación Auricular Non Valvular

**INR:** International Normalized Ratio

**SNS:** Sistema Nacional de Saúde

**TTP:** Terceiro Pagador

**AIT:** Accidente Isquémico Transitorio

**ICER:** Coeficiente de Coste Efectividade Incremental

**TRT:** Tempo en Rango Terapéutico

**AVAC:** Anos de Vida Axustados por Calidade

**AVG:** Anos de Vida Ganados

## RESUMO

### INTRODUCCIÓN

A fibrilación auricular (FA) é a arritmia cardíaca máis frecuente. Esta enfermidade e as súas consecuencias incrementan os costes e o uso do sistema sanitario. Para previr a súa principal complicación, os eventos embólicos, especialmente os accidentes cerebrovasculares (ACV), os anticoagulantes orais como os anticoagulantes orais de acción directa (ACOD), introducidos na última década, e os antagonistas da vitamina K (AVK) demostraron ser moi eficaces.

### OBXECTIVOS

O principal obxectivo desta revisión bibliográfica é coñecer as diferenzas entre os ACOD e os AVK en termos de eficiencia, é dicir, eficacia, efectividade e seguridade terapéutica, efectos adversos e impacto económico, centrándonos en pacientes anticoagulados diagnosticados de fibrilación auricular non valvular (FANV).

### METODOLOXÍA

Realizouse unha busca bibliográfica entre os meses de febreiro e marzo de 2022 nas bases de datos PubMed, Cinahl, Scopus e Cochrane. Centramos a nosa investigación na evidencia publicada nos últimos 5 anos, limitando tamén o idioma a inglés e español. Encontráronse 144 resultados, os cales foron valorados baseándonos nos criterios de inclusión, exclusión e variables do estudo establecidas.

### RESULTADOS

Tras un proceso de cribado, 10 artigos foron incluídos na nosa revisión bibliográfica, entre os cales se encontran 3 metaanálises, 3 revisións sistemáticas, 3 artigos orixinais e 1 revisión. En liñas xerais, os ACOD foron máis eficientes que os AVK, presentado mellores resultados.

## **CONCLUSIÓN**

Todos os estudos incluídos nesta revisión situáronse a favor dos ACOD, estes demostraron ser custo-eficaces fronte os AVK, xa que diminuíron o risco e incidencia do ACV, proporcionaron un mellor control dos eventos embólicos, menores taxas de morte, hemorraxias intracraniais, hemorraxias maiores e hospitalizacións, incluíndo todo o aforro nos costes que isto supón.

## RESUMEN

### INTRODUCCIÓN

La fibrilación auricular (FA) es la arritmia cardíaca más frecuente. Esta enfermedad y sus consecuencias incrementan los costes y el uso del sistema sanitario. Para prevenir su principal complicación, los eventos embólicos, especialmente los accidentes cerebrovasculares (ACV), los anticoagulantes orales como los anticoagulantes orales de acción directa (ACOD), introducidos en la última década, y los antagonistas de la vitamina K (AVK) han demostrado ser muy eficaces.

### OBJETIVOS

El principal objetivo de esta revisión bibliográfica es conocer las diferencias entre los ACOD y los AVK en términos de eficiencia, es decir, eficacia, efectividad y seguridad terapéutica, efectos adversos e impacto económico, centrándonos en los pacientes anticoagulados diagnosticados de fibrilación auricular no valvular (FANV).

### METODOLOGÍA

Se realizó una búsqueda bibliográfica entre los meses de febrero y marzo de 2022 en las bases de datos PubMed, Cinahl, Scopus y Cochrane. Centramos nuestra investigación en la evidencia publicada en los últimos 5 años, limitando también el idioma a inglés y español. Se encontraron 144 resultados, los cuales fueron valorados basándonos en los criterios de inclusión, exclusión y variables del estudio establecidas.

### RESULTADOS

Tras un proceso de cribado, 10 artículos fueron incluidos en nuestra revisión bibliográfica, entre los cuales se encuentran 3 metaanálisis, 3 revisiones sistemáticas, 3 artículos originales y 1 revisión. En líneas generales, los ACOD fueron más eficientes que los AVK, presentado mejores resultados.

## **CONCLUSIÓN**

Todos los estudios incluidos en esta revisión se situaron a favor de los ACOD, estos demostraron ser costo-eficaces frente a los AVK, ya que redujeron el riesgo e incidencia de ACV, proporcionaron un mejor control de los eventos embólicos, menores tasas de muerte, hemorragias intracraneales, hemorragias mayores y hospitalizaciones, incluyendo todo el ahorro en los costes que esto supone.

## **ABSTRACT**

### **INTRODUCTION**

Atrial fibrillation (AF) is the most common cardiac arrhythmia. This disease and its consequences increase the costs and use of the healthcare system. To prevent its main complication, embolic events, especially strokes, oral anticoagulants such as direct-acting oral anticoagulants (DOACs), introduced in the last decade, and vitamin K antagonists (VKAs) have proven to be very effective.

### **OBJECTIVES**

The main objective of this literature review is to determine the differences between DOACs and VKAs in terms of efficiency, that is, therapeutic efficacy, effectiveness and safety, adverse effects and economic impact, focusing on anticoagulated patients diagnosed with non-valvular atrial fibrillation.

### **METHODOLOGY**

A literature search was conducted between February and March 2022 in PubMed, Cinahl, Scopus and Cochrane databases. We focused our research on evidence published in the last 5 years, also limiting the language to English and Spanish. 144 results were found, which were evaluated based on the established inclusion and exclusion criteria and study variables.

### **RESULTS**

After a screening process, 10 articles were included in our literature review, including 3 meta-analyses, 3 systematic reviews, 3 original articles and 1 review. Overall, DOACs were more efficient than VKAs, with better outcomes.

### **CONCLUSION**

All studies included in this review were in favour of DOACs, which were shown to be cost-effective over VKAs in reducing the risk and incidence of stroke, providing

better control of embolic events, lower rates of death, intracranial haemorrhage, major haemorrhage and hospitalisations, including all the cost savings this entails.

## INTRODUCCIÓN

A fibrilación auricular (FA) é a arritmia cardíaca máis frecuente, cunha prevalencia arredor do 6-8% en persoas maiores de 75 anos. Caracterízase por unha taquiarritmia supraventricular con activación eléctrica auricular non coordinada, producíndose así contraccións auriculares ineficaces e maior probabilidade de estancamento do sangue na aurícula esquerda, o que axuda á formación de coágulos. Electrocardiográficamente preséntase unha activación auricular irregular, ausencia de ondas P e intervalos R-R irregulares, excepto que coexista unha alteración na conducción auriculoventricular.<sup>1,2</sup>

A pesar de importantes avances no seu tratamento, sigue sendo unha das principais causas de insuficiencia cardíaca, morte súbita e especialmente eventos embólicos, sendo os accidentes cerebrovasculares (ACV) os máis comúns, e gardando unha importante relación coa incapacidade e dependencia. A FA e as súas consecuencias incrementan notablemente os custos e o uso do sistema sanitario, xa que aumentan as hospitalizacións e os seus pacientes constitúen arredor do 60% de persoas atendidas en atención primaria para monitorización e seguimento. Custos que tamén se incrementaron por mor do aumento da incidencia durante as dúas últimas décadas, o que se relaciona coa mellora nas técnicas para o seu diagnóstico e ao aumento da esperanza de vida, xa que existe unha forte relación entre a idade e a presenza de FA, sendo catro veces máis común nos maiores de 80 anos que na poboación máis nova.<sup>3,4</sup>

A etioloxía da FA na maioría dos casos está relacionada con patoloxías cardíacas subxacentes como a insuficiencia cardíaca, trastornos da conducción, cardiopatía isquémica, entre outros. Existen factores de risco modificables como Hipertensión Arterial, Diabetes Mellitus, EPOC, hábitos tóxicos e factores de risco non modificables como a idade avanzada ( $\geq 65$  anos), sexo masculino, predisposición xenética etc. que se están presentes aumentan as probabilidades de padecer a enfermidade. A FA pode ser asintomática ou sintomática (palpitacións, disnea, dor torácico, etc.) e esta última a súa vez podería clasificarse en hemodinamicamente estable ou inestable (síncopes, shock cardioxénico, edema agudo de pulmón)<sup>1,2</sup>

En ocasións esta arritmia diagnósticase ao estudar a etioloxía de certas enfermidades como as mencionadas anteriormente, relacionadas coa aparición da FA. Para o seu diagnóstico é necesario realizar un rexistro EKG de 12 derivacións ou un rexistro dunha derivación de mínimo 30" onde se mostren as características electrocardiográficas xa descritas. A FA clasifícase da seguinte maneira:

- FA diagnosticada por primeira vez: primeiro episodio
- FA paroxística: < 7 días
- FA persistente: ≥7 días
- FA persistente de larga duración: continua de > 12 meses de duración, preténdese alcanzar ritmo sinusal
- FA permanente: asumida polo médico e o paciente, non se pretende ritmo sinusal <sup>1-3</sup>

### ***AVALIACIÓN DO RISCO HEMORRÁXICO E TROMBÓTICO***

A avaliación do risco hemorráxico e trombótico realizase mediante escalas, as máis utilizadas son CHA<sub>2</sub>DS<sub>2</sub>-VASc (anexo I) para o risco trombótico e HAS-BLED (anexo II) para o hemorráxico. É necesario empregar estas escalas para prescribir un anticoagulante e determinar se o beneficio da anticoagulación é superior ao risco hemorráxico, xa que este non é homoxéneo en todos os pacientes. <sup>1,3</sup>

### ***TRATAMENTO***

Os anticoagulantes orais demostraron ser moi eficaces na prevención de eventos embólicos, é por isto que son un pilar moi importante no tratamento da FA. Existen dous grandes grupos de anticoagulantes orais, os antagonistas da vitamina K (AVK) e os novos anticoagulantes orais ou de acción directa (ACOD), estes últimos introducíronse no 2008 e abriron o campo de opcións a elixir para previr os tromboembolismos. <sup>1,5</sup>

#### **ANTAGONISTAS DA VITAMINA K**

Os AVK son derivados da cumarina, a cal actúa como antagonista da

vitamina K, polo que se impide a activación desta e por conseguinte a síntese dos factores da coagulación II, VII, IX e proteínas anticoagulantes C e S.<sup>6-8</sup>

Este grupo de anticoagulantes leva máis de 70 anos no mercado, caracterízase polo seu estreito marxe terapéutico, múltiples interaccións con outros fármacos e dieta, ademais de requirir controis analíticos frecuentes. Os máis empregados son a Warfarina (Aldocumar®) e o Acenocumarol (Sintrom®), este último é o máis prevalece en España. A diferenza entre ambos radica na vida media, sendo máis prolongada a da Warfarina (31-51h) fronte á do Acenocumarol (8-11h). Ambos os dous metabolízanse maioritariamente pola vía hepática e o International Normalized Ratio (INR) na FA debe oscilar entre 2-3.<sup>4,6,9,10</sup>

Existen diversas situacións onde os AVK continúan sendo a opción terapéutica de elección no Sistema Nacional de Saúde (SNS) (anexo III)<sup>11</sup>

#### ▪ **ANTICOAGULANTES ORAIS DE ACCIÓN DIRECTA**

Os ACOD clasifícanse en dous grupos, inhibidores da trombina e inhibidores do factor X activado. Este grupo de anticoagulantes conta con menor cantidade de interaccións farmacolóxicas e alimentarias, non requiren un seguimento rutineiro do INR e teñen un inicio de acción máis rápido que os AVK, con todo isto o seu prezo de mercado é superior e a súa financiación solo se contempla nos pacientes con Fibrilación Auricular Non Valvular (FANV) suxeita aos criterios establecidos pola AEMPS (anexo IV)<sup>5,7,8,11-15</sup>

- **Dabigatrán (Pradaxa®):** Inhibidor directo da trombina, ten unha vida media de entre 12-14 horas. O 80% é excretado vía renal e o 20% restante pola bile.
- **Rivaroxabán (Xarelto®):** Inhibidor directo do Factor X activado, a súa vida media é de 7-11 horas e dous terzos son metabolizados polo fígado.
- **Apixabán (Eliquis®):** Inhibidor directo do Factor X activado, vida media de 8 a 15 horas. Metabolízase no fígado e aproximadamente o 25% da dose administrada é excretada pola vía renal.
- **Edoxabán (Lixiana®):** Inhibidor directo do Factor X activado, a súa vida media é de 7-10 horas. O 50% do fármaco absorbido é excretado pola urina<sup>5</sup>

## FORMULACIÓN DA PREGUNTA DO ESTUDO

Para formular a pregunta clínica que imos estudar empregárase o formato PICO, desta maneira describírase claramente o que queremos coñecer e realizárase unha busca efectiva da evidencia.

<b>P</b> ( <i>Patient</i> )	Pacientes adultos de ambos sexos anticoagulados con AVK ou ACOD diagnosticados de FANV
<b>I</b> ( <i>Intervention</i> )	Estudar os AVK e os ACOD
<b>C</b> ( <i>Comparison</i> )	Pacientes a tratamento con ACOD fronte aos que están a tratamento con Warfarina/Acenocumarol
<b>O</b> ( <i>Outcomes</i> )	Coñecer as diferenzas entre ACOD e Warfarina/Acenocumarol en canto a diferenzas de eficacia, efectividade en prevención cardioembólica, efectos adversos e impacto económico (eficiencia).

En pacientes con Fibrilación Auricular non valvular, que grupo de anticoagulantes presenta maior eficiencia e menores efectos adversos: os novos anticoagulantes orais ou o Acenocumarol e a Warfarina?

## OBXECTIVOS

### ▪ **OBXECTIVO XERAL**

Realizar unha busca bibliográfica nas principais bases de datos dispoñibles que comparen os ACOD e os AVK en termos de eficacia e efectividade terapéutica, efectos adversos e impacto económico nos pacientes anticoagulados diagnosticados de FANV.

### ▪ **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Coñecer as diferenzas entre os ACOD e os AVK en relación ao

nivel de prevención de ictus cardioembólicos, efectos adversos hemorráxicos, número de hospitalizacións, mortes, secuelas e discapacidades por ictus ou outras reaccións adversas.

- Determinar as diferenzas de custos entre os ACOD e os AVK en relación a resultados clínicos.

## **METODOLOXÍA**

### **▪ ESTRATEXIA DE BUSCA**

Para recompilar a evidencia necesaria realizouse unha busca bibliográfica entre os meses de febreiro e marzo de 2022 nas bases de datos PubMed, Cinahl, Scopus e Cochrane. Centramos a nosa busca na evidencia publicada nos últimos 5 anos, baseándonos nos criterios que se mostran a continuación e tendo en conta “fibrilación auricular”, “antagonistas da vitamina k” “novos anticoagulantes orais” “custo” “eficacia” “hemorragia” e “ACV” como palabras clave do estudo. No anexo V pódese ver a estratexia de busca usada para cada unha das bases de datos consultadas.

### **▪ CRITERIOS DE INCLUSIÓN**

Poboación: Pacientes adultos de ambos sexos anticoagulados con AVK ou ACOD diagnosticados de FANV.

Idioma: Español e Inglés.

Período de publicación: 2017-2022

Territorio: Estudos internacionais que analicen a poboación en máis dun país ou estudos que se centren en España.

### **▪ CRITERIOS DE EXCLUSIÓN**

Poboación: Pacientes sen FA ou que non estean a tratamento con AVK ou ACOD. Pacientes con FA sometidos a cardioversión, ablación, cerre de apéndice auricular esquerdo, intervención coronaria percutánea.

Idioma: Diferentes ao inglés ou español.

Período de publicación: Evidencia publicada antes do 2017

Territorio: Países concretos que non sexan España

#### ▪ **VARIABLES DO ESTUDO**

As variables do noso estudo foron: AVK, ACOD, custos, ICTUS, hemorragias e hospitalizacións.

#### ▪ **SELECCIÓN DE ESTUDOS**

Tras realizar a busca nas diferentes bases de datos encontráronse un total de 144 resultados. Coa axuda do xestor bibliográfico Refworks, 7 artigos duplicados foron eliminados. Dos 137 restantes a maioría deles, 90, foron descartados ao ler o resumo, verificando así que non se adaptaban ao noso estudo. 16 artigos foron avaliados polo título, quedando descartados por abordar temas que non eran relevantes para a investigación. Por outra parte, encontrouse unha versión errónea dun estudo que foi publicado no noso rango de tempo seleccionado, o cal foi excluído por tratarse dunha publicación que posteriormente foi corrixida. Tras a lectura completa dos 30 resultados restantes, 20 deles foron excluídos polo seu contido, ao ver que este último non cumpría co noso obxectivo. O número total de estudos incluídos é de 10, entre os cales se encontran 3 metaanálises, 3 revisións sistemáticas, 3 artigos orixinais e 1 revisión narrativa. No anexo VI inclúese un diagrama de fluxo que achega datos sobre a cantidade de artigos encontrados en cada base de datos, ademais de información dos excluídos e incluídos de maneira máis visual.

No anexo VII móstrase a totalidade de resultados obtidos tras a busca, indicando cales foron incluídos e excluídos, estes últimos xunto cos seus respectivos motivos de descarte.

## **RESULTADOS**

Neste apartado móstranse os resultados da evidencia encontrada que se adapta ao noso estudo, realizamos unha clasificación en función do tipo de artigo e por conseguinte, do grado de evidencia que presenta.

## ▪ **METAANÁLISES E REVISIÓNS SISTEMÁTICAS**

O estudo de **Noviyani R et al** <sup>16</sup> é unha revisión sistemática e metaanálise na que se inclúen 100 estudos cun total de 224 comparacións de ACOD fronte AVK. Ten como obxectivo avaliar a custo-eficacia de ambos tratamentos na prevención de ictus en pacientes con FA mediante os beneficios netos incrementais. Neste estudo conclúese que:

- Dabigatrán foi custo efectivo en comparación aos AVK nos países de altos ingresos, pero non nos países de ingresos medios.
- Apixabán e Rivaroxabán foron rendibles aos AVK nos países de altos ingresos dende a perspectiva de terceiros pagadores (TTP), pero non dende a perspectiva social. Tampouco o foi nos países de ingresos medios.
- Edoxabán foi rendible aos AVK dende a perspectiva TTP nos países de altos ingresos, pero non foi rendible nos países de ingresos medios dende ningunha das dúas perspectivas.

84 estudos e 166 comparacións chegaron á conclusión de que os ACOD eran unha opción máis rendible en comparación aos AVK fronte aos 24 estudos e 58 comparacións que chegaron á conclusión contraria.

**Bruins Slot K et al** <sup>17</sup> realizou unha revisión sistemática que ten como obxectivo avaliar a eficacia e seguridade dos inhibidores do factor X activado fronte aos AVK para previr eventos embólicos cerebrais ou sistémicos en persoas con FA. Incluíronse 13 estudos cun total de 67688 participantes cunha media de idade de entre 65 e 75 anos a tratamento cun inhibidor do factor X activado, maioritariamente Edoxabán, Apixabán ou Rivaroxabán ou a tratamento con AVK coa Warfarina. Nesta revisión obtivéronse os seguintes resultados:

- Os inhibidores do factor X activado en comparación coa Warfarina diminuíron de maneira significativa o número de ACV e outros eventos embólicos sistémicos en persoas con FA, porén, non se asociaron cunha redución significativa do número de ACV incapacitantes ou mortais.

- O tratamento cun inhibidor do factor X activado reduciu o número de mortes e o risco de hemorragias intracraniais en comparación coa Warfarina.
- Con respecto ás hemorragias graves, o tratamento cun inhibidor do factor X activado mostrou unha redución destes eventos na maioría dos análises, pero en varios deles cunha heteroxeneidade elevada, ao igual que coas hemorragias clinicamente relevantes pero non maiores.
- O risco de ictus, eventos embólicos sistémicos e risco de hemorraxia grave foi menor nas persoas tratadas con inhibidores do factor X activado que previamente sufriran un ictus ou un accidente isquémico transitorio (AIT) en comparación ás persoas tratadas coa Warfarina.
- O número de ACV e eventos embólicos sistémicos tamén foi menor nas persoas maiores de 75 anos tratadas cun inhibidor do factor X activado que coa Warfarina.

Con respecto a **Briere J et al** <sup>18</sup>, este realizou un estudo para avaliar a eficacia e seguridade dos ACOD en comparación aos AVK calculando o número necesario de pacientes a tratar nos distintos tratamentos nun período de dous anos. Os datos do estudo extraéronse dunha revisión sistemática e dun metaanálise obtendo a seguinte información:

- Os ACOD foron superiores aos AVK en 10 de 15 comparacións.
- Rivaroxabán e Dabigatrán lograron unha diminución do risco de ictus isquémico, reducíndose un evento por cada 206 e 174 pacientes tratados respectivamente. Ambos anticoagulantes diminuíron a mortalidade por todas as causas, de maneira que por cada 23 pacientes tratados durante dous anos con Rivaroxabán e 32 con Dabigatrán evitouse unha morte.
- Rivaroxabán asociouse a un menor risco de ictus isquémico e embolia sistémica en comparación a AVK.
- Dabigatrán e Apixabán diminuíron o risco de hemorraxia maior en comparación aos AVK.
- Os ACOD reduciron o risco de hemorraxia intracranial en comparación con AVK evitándose un evento por cada 205, 115 e 107 pacientes tratados con Rivaroxabán, Dabigatrán e Apixabán durante dous anos.

Na revisión sistemática de **Jegathisawaran J et al** <sup>19</sup> incluíronse 24 estudos co fin de analizar a custo-eficacia do Dabigatrán fronte a Warfarina a través do coeficiente de custo efectividade incremental (ICER). Esta revisión concluíu que o Dabigatrán é unha opción custo eficaz fronte a Warfarina, aínda que existen moitos factores que inflúen na súa rendibilidade, como por exemplo o tempo en rango terapéutico (TRT). Case a totalidade de estudos incluídos asumiron un TRT de 64% pero os que empregaron un TRT máis elevado deron ICER máis altos para Dabigatrán, o que diminúe a súa rendibilidade. O risco de ictus é semellante entre os dous tratamentos cun TRT superior a 72,6%. Un artigo engadido nesta revisión sistemática cunha ampla poboación de estudo afirmou que o Dabigatrán está asociado a un menor risco de ictus, hemorraxias intracraniais e mortalidade, aínda que a un maior risco de hemorraxia dixestiva grave.

O ril e fígado son dous órganos importantes que interveñen no proceso farmacocinético dos fármacos, incluído no dos AVK e ACOD. No fígado ocorre maioritariamente a metabolización dos fármacos, na cal o medicamento sofre reaccións bioquímicas que o transforman en diferentes metabolitos para facilitar a súa eliminación. O ril é o principal encargado da excreción, que excreta os metabolitos xerados polo fígado <sup>20</sup>, polo tanto, é interesante engadir estudos que abrangan a pacientes con problemas hepáticos e renais. Na presente revisión bibliográfica incluíronse unha revisión sistemática e un metaanálise sobre este tema, unha delas fai referencia a pacientes con problemas renais e o outro a hepáticos.

A primeira delas é o estudo de **Kimachi M et al** <sup>21</sup>, que realizou unha revisión sistemática na que se incluíron cinco estudos cun total de 12545 participantes. Esta revisión ten como obxectivo avaliar a eficacia e a seguridade dos ACOD fronte a Warfarina en pacientes con FANV con enfermidade renal crónica dunha taxa de filtración glomerular de entre 15 e 60 ml/min. Neste grupo de poboación os resultados obtidos foron os seguintes:

- Para os eventos embólicos sistémicos, o risco asumido coa Warfarina é de 29 por cada 1000 e co ACOD é de 23 por cada 1000.

- Para as hemorragias graves, as cales se definen como redución da hemoglobina de mínimo 2g/dL e transfusión de polo menos dous concentrados de sangue, ou hemorraxia sintomática nalguna zona ou órgano crítico, o risco asumido coa Warfarina é de 55 por cada 1000 e co ACOD é de 43 por cada 1000.
- Para o infarto de miocardio, o risco asumido coa Warfarina e ACOD é de 11 por cada 1000 e 10 por cada 1000 respectivamente.
- Para os sangrados menores, o risco asumido coa Warfarina é de 74 por cada 1000 e co ACOD é de 72 por cada 1000.
- Para a hemorraxia gastrointestinal, o risco asumido coa Warfarina e ACOD é de 17 por cada 1000 e 24 por cada 1000 respectivamente.
- Para a hemorraxia intracranial, o risco asumido coa Warfarina e ACOD é de 14 por cada 1000 e 6 por cada 1000 respectivamente.
- Con respecto á mortalidade por todas as causas, o risco asumido coa Warfarina é de 78 por cada 1000 e co ACOD é de 71 por cada 1000.

**Fu Y et al**<sup>22</sup> realizou un metaanálise no que se incluíron 6 estudos cun total de 41954 participantes, os cales padecían de maneira simultánea FANV e enfermidade hepática. A idade media dos participantes foi de 64,4 anos e o 59,6% correspondía aos varóns. Da totalidade de participantes, 27184 e 14770 foron tratados con ACOD e Warfarina respectivamente. O obxectivo deste metaanálise foi comparar a eficacia e seguridade dos ACOD fronte á Warfarina neste grupo de poboación.

Neste estudo obtívose que os ACOD están asociados a reducións significativas de morte (RR 0,78, 95% IC= (0,66-0,93), hemorragias maiores (RR 0,68, 95% IC=0,53-0,88) e hemorragias intracraniais (RR 0,49, 95% IC=0,41-0,59), pero non en ictus ou embolias sistémicas (RR 0,80, 95% IC= 0,57-1,12) nin en hemorragias gastrointestinais (RR 0,90, 95% IC= 0,61-1,34).

En pacientes con cirrose e FANV, cos ACOD tamén se obtiveron beneficios en comparación á Warfarina, xa que estes reduciron o risco de hemorragias maiores (RR 0,53, 95% IC=0,37-0,76), hemorragias gastrointestinais (RR 0,57, 95% IC=0,38-0,84) e hemorragias intracraniais (RR 0,55, 95% IC=0,31-0,97).

Por outra banda, con respecto ás taxas de seguridade e eficacia dos ACOD fronte á Warfarina, estas foron similares nos pacientes con e sen enfermidade hepática.

#### ▪ **ARTÍGOS ORIXINAIS**

**Vilain K et al** <sup>23</sup> realizou un análise baseado no estudo ENGAGE AF–TIMI 48 co obxectivo de analizar as hospitalizacións relacionadas con hemorragias e problemas cardiovasculares de Edoxabán fronte a Warfarina. A poboación estudada consistiu en 7012 pacientes tratados con Edoxabán e 7012 con Warfarina, sendo a mediana do seguimento durante o tratamento de 2,5 anos. Obtívose a seguinte información:

- 1435 e 380 pacientes tratados con Edoxabán fronte a 1641 e 410 con Warfarina experimentaron polo menos unha ou máis dunha hospitalización cardiovascular ou hemorráxica respectivamente.
- O número de hospitalizacións cardiovasculares ou relacionadas con hemorragias foi menor con Edoxabán (13,3 por cada 100 persoas-ano) que con Warfarina (14,6 por cada 100 persoas-ano)
- A maior redución da taxa de hospitalizacións co Edoxabán fronte a Warfarina produciuse nas relacionadas coas hemorragias subdurais e epidurais (0,08 fronte a 0,22 por 100 persoas-ano)
- Nas hospitalizacións non cardiovasculares, as hemorragias espontáneas e as súas complicacións foron menores con Edoxabán.
- Observáronse máis hospitalizacións relacionadas con hemorragias gastrointestinais con Edoxabán que con Warfarina (0,85 fronte 0,61)

Con respecto ao estudo de **Lekuona I et al** <sup>24</sup>, este pretende analizar a custo-eficacia do Edoxabán fronte o Acenocumarol na prevención de ictus e embolia sistémica en pacientes con FANV en España. Para levalo a cabo, os datos de eficacia e seguridade obtivéronse principalmente do estudo ENGAGE AF-TIMI 48 e os dos custos do tratamento e complicacións de fontes españolas. Neste estudo obtívose a seguinte información:

- Os pacientes tratados con AVK mostran certa preocupación por conseguir ou manter o INR no rango terapéutico marcado ademais das interaccións medicamentosas e alimentarias que presenta este medicamento, polo que resta calidade de vida no paciente.
- O custo diario do Edoxabán é de 2,58€ e o do Acenocumarol de 0,07€.
- Edoxabán mostrou un coste adicional de 3916€, maioritariamente debido aos seus prezos farmacolóxicos pero parcialmente compensados polos custos de monitorización e menor incidencia de eventos adversos.
- Con respecto a os anos de vida axustados por calidade (AVAC) e os anos de vida ganados (AVG), estes valores foron máis elevados para Edoxabán, o que proporciona maior efectividade debido á redución de ictus, hemorragias, embolias sistémicas e infartos agudos de miocardio
  - o AVAC: 6,99 Edoxabán / 6,65 Acenocumarol
  - o AVG: 9,70 Edoxabán / 9,40 Acenocumarol
- O Edoxabán resultou ser custo-efectivo para pacientes con anticoagulación a longo prazo, concretamente mínimo 3-5 anos (2-3 anos para os pacientes con CHADS2  $\geq 3$  e 6-9 anos para os pacientes con tempo en rango terapéutico  $\geq 60\%$ ).

O estudo de **Monreal-Bosch M et al** <sup>25</sup> ten como obxectivo comparar a custo-eficacia dos tres ACOD fronte aos AVK. O prezo dos ACOD e do Acenocumarol foi de 2,80€ e 0,03€ ao día respectivamente, estes últimos tiveron custos adicionais de monitorización de 321,93 € ao ano ou o que é o mesmo 0,88 € diarios.

O custo medio total dun ingreso hospitalario dun paciente con FA é de 6.360 €. Á súa vez, os gastos que supón un ictus isquémico oscilan entre 5945,75€ e 6993€, dependendo da gravidade do evento. Os custos de hemorragias intracraniais oscilan entre 7560,84€ e 8608,05€ tamén dependendo da gravidade e os de embolia sistémica, hemorragia extracranial e hemorragia leve son aproximadamente 2863€, 3452€ e 2138€ respectivamente.

A incidencia por 100 anos/paciente son de:

- Ictus isquémico: ACOD: 2,47 / Acenocumarol: 2,80

- Embolia sistémica: ACOD: 0,22 / Acenocumarol: 0,30
- Hemorraxia intracranial: ACOD: 0,6 / Acenocumarol: 1,13
- Hemorraxia extracranial: ACOD: 3,84/ Acenocumarol: 3,76

Monreal-Bosch M et al tamén concluíu que os ACOD mostraron maiores cifras de AVG e AVAC por paciente, sendo Dabigatrán o que tiña os valores mais altos, con 10,99 e 8,40 respectivamente e Acenocumarol o de menores cifras, con 10,64 para AVG e 8,03 para AVAC.

O Acenocumarol asociouse a custos máis elevados, debido aos eventos clínicos e ao seguimento, compensado pola diferenza dos prezos farmacolóxicos, incluídos os custos de monitorización. Os pacientes que recibiron Acenocumarol tiveron un custo total de 22230 € fronte a una media de 25039€ cos ACOD.

#### ▪ **REVISIÓN NARRATIVA**

**Liao N et al** <sup>26</sup> realizou unha revisión centrada nos anciáns na que se analiza a eficacia dos ACOD fronte á Warfarina neste colectivo de idade con FA. Nesta revisión chegouse ás seguintes conclusións:

- Cos ACOD, o número de hemorraxias maiores, o risco de ictus isquémico e mortalidade foi menor en comparación á Warfarina.
- En canto ás hemorraxias intracraniais, os ACOD foron máis beneficiosos en comparación á Warfarina independentemente do rango de idade, onde o risco de hemorraxia intracranial aumentou de forma paralela mentres que cos ACOD mantíñase plano conforme aumentaba a idade.
- O risco de hemorraxia dixestiva maior foi máis alto cos ACOD que coa Warfarina.
- En pacientes de idade avanzada, os ACOD de doses estándar mostraron unha eficacia superior e unha seguridade semellante á da Warfarina, excepto polo risco máis elevado de hemorraxia dixestiva. Mentres que os ACOD de doses baixas mostraron unha eficacia semellante e unha seguridade equivalente ou superior á da Warfarina.

## DISCUSIÓN

O obxectivo da presente revisión bibliográfica foi identificar as diferenzas entre os ACOD e os AVK en termos de eficacia terapéutica e impacto económico en pacientes con FANV para determinar cal de eles é máis eficiente. Para iso, realizouse unha busca nas diferentes bases de datos nas que tras un cribado 10 artigos foron seleccionados para o noso estudo, entre os cales se encontran 3 metaanálises, 3 revisións sistemáticas, 3 artigos orixinais e 1 revisión. A evidencia incluída suxeriu a seguinte información:

- ***Con respecto á eficacia e seguridade:***

**Briere J et al** <sup>18</sup> concluíu que os ACOD son alternativas eficaces e seguras aos AVK, conseguindo un mellor control de eventos isquémicos sen aumentar o risco de hemorraxia ademais dunha importante redución das hemorraxias intracraniais e hemorraxias graves.

**Bruins Slot K et al** <sup>17</sup> deduciu que os inhibidores do factor X activado son un tratamento eficaz para a prevención de ictus ou eventos embólicos sistémicos en persoas con FA que son elixibles para a anticoagulación a longo prazo, aínda que debido á falta de estudos non é posible determinar que tipo de ACOD é o máis seguro e eficaz. O tratamento con inhibidores do factor X activado asociouse a una redución de mortes, de ACV, de eventos embólicos sistémicos, de hemorraxias intracraniais e hemorraxias graves en comparación coa Warfarina, aínda que as probas destas últimas son menos claras debido á alta variabilidade entre os estudos que se incluíron na revisión sistemática de Bruins Slot K et al.

O estudo de **Liao N et al** <sup>26</sup> corrobora que se favorece o uso de ACOD en lugar da Warfarina en pacientes con FA de idade avanzada para a prevención de ictus en vista aos mellores resultados clínicos, aínda que día de hoxe son necesarios máis estudos para determinar o ACOD e a dose óptima.

- **Con respecto aos custos:**

No metaanálise e revisión sistemática de **Noviyani R et al** <sup>16</sup> conclúese que todos os ACOD son unha opción rendible dende a perspectiva de TTP no tratamento da FA nos países de altos ingresos. Dende a perspectiva social os resultados variaban, sendo o Dabigatrán a única opción rendible dende ambas perspectivas en países de altos ingresos. Nos países de ingresos medios os AVK seguen sendo a opción máis rendible en ambas perspectivas.

- **Tendo en conta os dous aspectos anteriores, custos e eficacia (eficiencia):**

**Monreal-Bosch M et al** <sup>25</sup> revelou que dende a perspectiva do sistema sanitario español, todos os ACOD son eficientes en comparación co Acenocumarol. En ensaios clínicos de fase III, os ACOD en doses estándar mostraron unha superioridade fronte os AVK. A súa vez, en doses reducidas, recomendados para pacientes  $\geq 80$  anos ou a tratamento con verapamilo, e que se deben considerar en pacientes con insuficiencia renal moderada ou con risco maior de hemorraxia, revelaron unha redución significativa dos eventos de hemorraxia grave.

O análise de **Lekuona I et al** <sup>24</sup> mostrou que o Edoxabán é custo-efectivo e máis seguro na prevención de ictus en pacientes con FANV en comparación aos AVK en España a pesar do seu maior custo farmacolóxico. Esta eficiencia diminúe a medida que aumenta a calidade da anticoagulación, polo que o seu uso é especialmente eficaz en pacientes mal controlados con AVK (tempo en rango terapéutico  $< 60\%$ ).

Para **Jegathisawaran J et al** <sup>19</sup> o Dabigatrán é unha opción rendible á Warfarina na prevención de ictus en pacientes con FA, aínda que cabe destacar que existen factores que conducen á variabilidade de resultados, polo que se deben facer máis estudos con datos do mundo real.

- **Con respecto ás hospitalizacións:**

O análise de **Vilain K et al** <sup>23</sup> revela que existe unha taxa de hospitalización

relacionada con enfermidades cardiovasculares e hemorraxias menor con Edoxabán que con Warfarina, concluíndo ademais que esta diminución nas hospitalizacións supón unha redución de costes asociados a estes ingresos.

- ***En pacientes con enfermidade renal:***

**Kimachi M et al** <sup>21</sup> revelou que nos pacientes con enfermidade renal crónica a tratamento con ACOD reduciuse a incidencia de todos os accidentes cerebrovasculares, incluíndo o ictus hemorráxico, eventos embólicos sistémicos, hemorraxias maiores, hemorraxias intracraniais, sangrados menores e mortalidade por todas as causas en comparación coa Warfarina, excepto para a hemorraxia gastrointestinal, que pareceu ser máis elevada nas persoas a tratamento con ACOD.

Estes achados indicaron que os ACOD son máis eficaces e seguros que a Warfarina en persoas con FANV e insuficiencia renal crónica.

- ***En pacientes con enfermidade hepática:***

No metaanálise de **Fu Y et al** <sup>22</sup> chegouse á conclusión de que en pacientes con enfermidade hepática e FANV os ACOD, en comparación coa Warfarina, están asociados a un menor risco de morte, hemorraxias graves e hemorraxias intracraniais.

Os pacientes con FANV e enfermidade hepática teñen maior risco de hemorraxia e tromboembolismo por diversos factores que os que non a padecen. A hemorraxia por varices gastroesofáxicas é a complicación máis frecuente en pacientes cirróticos, nestes os ACOD reduciron de maneira significativa as hemorraxias gastrointestinais ademais das hemorraxias maiores e intracraniais.

En xeral os ACOD, en comparación coa Warfarina, presentan taxas máis reducidas de eventos tromboembólicos e hemorráxicos en pacientes con FANV e problemas hepáticos, o que suxire que neste colectivo de poboación os ACOD son igual ou máis eficaces e seguros que a Warfarina.

## CONCLUSIÓN

Tras realizar esta revisión bibliográfica e analizar a evidencia encontrada pódese concluír que:

Todos os artigos incluídos coinciden, situándose a favor dos ACOD. Estes polo xeral, demostraron ser máis seguros e eficaces que os AVK, ademais de rendibles, sobre todo nos países de ingresos altos, nos que se inclúe España.

Revelouse que lograron reducir o risco e incidencia dos ACV, morte por todas as causas, mellor control de eventos embólicos sistémicos, menor incidencia de hemorraxias intracraniais, hemorraxias maiores, hospitalizacións, ademais dun aforro nos gastos que isto supón.

Nos pacientes vulnerables con enfermidade hepática ou renal, os ACOD tamén aportaron máis beneficios que os AVK, como os mencionados no parágrafo anterior.

Aínda faltan estudos que xustifiquen que ACOD é máis eficiente, porque os resultados sobre este tema polo de agora aínda son contraditorios.

## BIBLIOGRAFÍA

- 1- Fistera. Guía Clínica Fibrilación Auricular [Internet]; [17 de diciembre 2021; Citado 15 de febrero 2022]. Disponible en: <https://www.fistera.com/guias-clinicas/fibrilacion-auricular/>
- 2- Hindricks G, Potpara T, Dagres N, Arbelo E, Bax JJ, Blomstroem-Lundqvist C, et al. 2020 ESC Guidelines for the diagnosis and management of atrial fibrillation developed in collaboration with the European Association for Cardio-Thoracic Surgery (EACTS). European heart journal. 1 de febrero de 2021;42(5):373-498.
- 3- Rojas-Durán AM, Sáenz-Morales OA, Garay-Fernández M, Vergara-Vela E. Evaluación del tratamiento de la fibrilación auricular valvular y no valvular y su relación con eventos adversos en pacientes hospitalizados

- en el servicio de urgencias de un hospital de tercer nivel. Revista colombiana de cardiología. Noviembre 2020;27(6):529-537.
- 4- Romero Ruiz A, Romero-Arana A, Gómez-Salgado J. Direct anticoagulants and nursing: An approach from patient's safety. Enfermería Clínica (English Edition). Marzo 2017;27(2):106-112.
  - 5- Fistera. Guía clínica Nuevos Anticoagulantes Orales [Internet]; [28 de enero 2022; Citado 15 de febrero 2022]. Disponible en: <https://www.fistera.com/guias-clinicas/nuevos-anticoagulantes-orales/>
  - 6- CIMA. Ficha técnica SINTROM 1 mg [Internet]; [Agosto 2019; Citado 15 de febrero 2022]. Disponible en: [https://cima.aemps.es/cima/dochtml/ft/58994/FT\\_58994.html](https://cima.aemps.es/cima/dochtml/ft/58994/FT_58994.html)
  - 7- Fistera. Acenocumarol [Internet]; [ 21 de agosto 2019; Citado 15 de febrero 2022]. Disponible en: <https://www.fistera.com/herramientas/medicamentos/acenocumarol/>
  - 8- Fistera. Warfarina [Internet]; [21 de agosto 2019; Citado 15 de febrero 2022]. Disponible en: <https://www.fistera.com/herramientas/medicamentos/warfarina/>
  - 9- Fistera. Guía Clínica Anticoagulación con Antagonistas de la Vitamina K [Internet]; [1 de octubre 2019; Citado 15 de febrero 2022]. Disponible en: <https://www.fistera.com/guias-clinicas/anticoagulacion-con-antagonistas-vitamina-k/>
  - 10-CIMA. Ficha técnica ALDOCUMAR 10 mg [Internet]; [Noviembre 2021; Citado 15 de febrero 2022]. Disponible en: [https://cima.aemps.es/cima/dochtml/ft/32864/FT\\_32864.html](https://cima.aemps.es/cima/dochtml/ft/32864/FT_32864.html)
  - 11-Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios. Criterios y recomendaciones generales para el uso de los anticoagulantes orales directos (ACOD) en la prevención del ictus y la embolia sistémica en pacientes con fibrilación auricular no valvular. 21 de noviembre 2016.

- 12- Fisterra. Dabigatran [Internet]; [30 de junio 2019; Citado 15 de febrero 2022]. Disponible en: <https://www.fisterra.com/herramientas/medicamentos/dabigatran/>
- 13-Fisterra. Rivaroxaban [Internet]; [30 de junio 2019; Citado 15 de febrero 2022]. Disponible en: <https://www.fisterra.com/herramientas/medicamentos/rivaroxaban/>
- 14-Fisterra. Apixaban [Internet]; [30 de junio 2019; Citado 15 de febrero 2022]. Disponible en: <https://www.fisterra.com/herramientas/medicamentos/apixaban/>
- 15-Fisterra. Edoxaban [Internet]; [30 de junio 2019; Citado 15 de febrero 2022]. Disponible en: <https://www.fisterra.com/herramientas/medicamentos/edoxaban/>
- 16-Noviyani R, Youngkong S, Nathisuwan S, Bagepally BS, Chaikledkaew U, Chaiyakunapruk N, et al. Economic evaluation of direct oral anticoagulants (DOACs) versus vitamin K antagonists (VKAs) for stroke prevention in patients with atrial fibrillation: a systematic review and meta-analysis. *BMJ Evid Based Med* 2021 Oct 11.
- 17- Bruins Slot K, Berge E. Factor Xa inhibitors versus vitamin K antagonists for preventing cerebral or systemic embolism in patients with atrial fibrillation. *Cochrane Database of Systematic Reviews* 2018(3).
- 18- Briere J, Bowrin K, Millier A, Toumi M, Wojciechowski P, Taieb V. Number needed to treat based on real-world evidence for non-vitamin K antagonist oral anticoagulants versus vitamin K antagonist oral anticoagulants in stroke prevention in patients with non-valvular atrial fibrillation. *J MED ECON* 2019;22(8):760-765
- 19- Jegathisawaran J, Holbrook A, Bowen JM, Burke N, Campbell K, Tarride JE. What Influences the Cost Effectiveness of Dabigatran versus Warfarin

- for Stroke Prevention in Atrial Fibrillation: A Systematic Review. *J Popul Ther Clin Pharmacol* 2017 May 2;24(2):e1-e20.
- 20- BirtLH [Internet]. País Vasco. Actividades de asistencia sanitaria relacionando las necesidades y características de la persona usuaria. Terapéutica farmacéutica. Farmacocinética: LADME. [Citado 4 de mayo de 2022]. Disponible en: [https://ikastaroak.birt.eus/edu/argitalpen/backupa/20200331/1920k/es/APSD/AS/AS05/es\\_APSD\\_AS05\\_Contenidos/website\\_22\\_farmacocintica\\_ladme.html#](https://ikastaroak.birt.eus/edu/argitalpen/backupa/20200331/1920k/es/APSD/AS/AS05/es_APSD_AS05_Contenidos/website_22_farmacocintica_ladme.html#)
- 21- Kimachi M, Furukawa TA, Kimachi K, Goto Y, Fukuma S, Fukuhara S. Direct oral anticoagulants versus warfarin for preventing stroke and systemic embolic events among atrial fibrillation patients with chronic kidney disease. *Cochrane Database of Systematic Reviews* 2017(11).
- 22- Fu Y, Zhu W, Zhou Y, Chen H, Yan L, He W. Non-vitamin K Antagonist Oral Anticoagulants Versus Warfarin in Patients with Atrial Fibrillation and Liver Disease: A Meta-Analysis and Systematic Review. *AM J CARDIOVASC DRUGS* 2020;20(2):139-147.
- 23-Vilain K, Li H, Kwong WJ, Antman EM, Ruff CT, Braunwald E, et al. Cardiovascular- and Bleeding-Related Hospitalization Rates With Edoxaban Versus Warfarin in Patients With Atrial Fibrillation Based on Results of the ENGAGE AF-TIMI 48 Trial. *Circ Cardiovasc Qual Outcomes* 2020 Nov;13(11):e006511.
- 24-Lekuona I, Anguita M, Zamorano JL, Rodríguez JM, Barja de Soroa P, Pérez-Alcántara F. Would the Use of Edoxaban Be Cost-effective for the Prevention of Stroke and Systemic Embolism in Patients With Nonvalvular Atrial Fibrillation in Spain? *Rev Esp Cardiol* 2019;72(5):398-406.
- 25-Monreal-Bosch M, Soulard S, Crespo C, Brand S, Kansal A. Comparison of the cost-utility of direct oral anticoagulants for the prevention of stroke in patients with atrial fibrillation in Spain. *Rev Neurol* 2017;64(6):247-256.

26-Liao N, Yi-Hsin Chan, Kuo L, Chuan-Tsai Tsai, Su-Shen Lim, Tze-Fan Chao. Optimal anticoagulation in elderly patients with atrial fibrillation: Which drug at which dose? POLISH HEART J KARDIOLOGIA POLSKA 2022;80(2):128-136.

## ANEXOS

### ▪ ANEXO I

	FA NON VALVULAR	PUNTOS
<b>C</b>	Insuficiencia Cardíaca Conxestiva	1
<b>H</b>	Hipertensión	1
<b>A</b>	Idade $\geq$ 75 años *	2
<b>D</b>	Diabetes mellitus	1
<b>S</b>	Antecedente Ictus/AIT/tromboembolia	2
<b>V</b>	Enfermidade vascular **	1
<b>A</b>	Idade 65-74 años	1
<b>Sc</b>	Sexo feminino	1
<b>VALOR MÁXIMO</b>		9

\*Os valores A de idade son mutuamente excluínentes.

\*\*Infarto previo, enfermidade arterial periférica ou placa aórtica.

Risco **baixo**: 0 puntos; risco **intermedio**: 1-2 puntos; risco **alto**: 3 o más puntos.

Fonte: (1)

### ▪ ANEXO II

	RISCO DE SANGRADO	PUNTOS
<b>H</b>	Hipertensión TAS>160	1
<b>A</b>	Análises alterados*	2
<b>S</b>	Ictus previo	1
<b>B</b>	Antecedentes de sangrado	1
<b>L</b>	INR lábil	1
<b>E</b>	Idade > 65 años	1
<b>D</b>	Fármacos antiplaquetarios, AINEs ou alcohol	2
<b>VALOR MÁXIMO</b>		9

\*Función renal ou hepática alterada (creatinina maior ou igual a 2,2 mg/dl, bilirrubina x2 límite superior normal; AST, ALT, FAL x3 límite superior normal).

Risco **baixo**: 0 puntos; risco **intermedio**: 1-2 puntos; risco **alto**: 3 o más puntos.

Fonte: (1)

▪ **ANEXO III**

<b><i>Situacións nas que os AVK continúan sendo a opción terapéutica recomendada no marco do SNS</i></b>
○ <b>Pacientes xa a tratamento con AVK e bo control do INR</b>
○ <b>Novos pacientes con fibrilación auricular non valvular nos que estea indicada a anticoagulación</b>
○ <b>Fibrilación auricular con afectación valvular</b>

Fonte: (11)

▪ **ANEXO IV**

<b><i>Situacións en pacientes con FANV nas que os ACOD poden considerarse unha opción terapéutica no marco do SNS</i></b>	
<i>Situacións Clínicas</i>	<i>Situacións relacionadas co control do INR</i>
Hipersensibilidade coñecida ou contraindicación específica ao uso de Acenocumarol ou Warfarina.	Pacientes a tratamento con AVK nos que non é posible manter un control de INR a pesar dun bo cumprimento terapéutico.
Antecedentes de hemorraxia intracranial (HIC)	Imposibilidade de acceso ao control de INR convencional.
Pacientes con ictus isquémico que presenten criterios clínicos e de neuroimaxe de alto risco de HIC.	
Pacientes a tratamento con AVK que sofren episodios tromboembólicos	

arteriales graves aínda que leven un bo control do INR.

Fonte: (11)

▪ **ANEXO V**

**PUBMED**

((("anticoagulants"[MeSH Terms] AND "atrial fibrillation"[MeSH Terms] AND "warfarin"[MeSH Terms]) OR "acenocoumarol"[MeSH Terms] OR "vitamin k antagonists"[Title/Abstract] OR "factor xa inhibitors"[MeSH Terms] OR "dabigatran"[MeSH Terms]) AND "cost"[Title/Abstract]) AND ((y\_5[Filter]) AND (meta-analysis[Filter] OR randomizedcontrolledtrial[Filter] OR systematicreview[Filter]) AND (english[Filter] OR spanish[Filter]))

**FILTROS:**

- Rango: 2017-2022
- Tipo de estudo: Meta-análises, ensaios clínicos aleatorizados e revisións sistemáticas
- Idiomas: Español e inglés

**24 RESULTADOS (17/03/2022)**

**CINAHL**

S1	MH anticoagulants AND MH atrial fibrillation
S2	MH vitamin k antagonists OR MH acenocoumarol OR MH warfarin
S3	MH factor xa inhibitors OR MH dabigatran OR AB noacs
S4	TI comparison OR AB comparison AND TI cost OR AB cost AND TI efficacy OR AB efficacy AND MH stroke OR MH hemorrhage
S5	S1 AND S2 AND S3 AND S4

**FILTROS:**

- Rango: 01/01/2017-18/03/2022
- Idiomas: Español e inglés

**49 RESULTADOS (18/03/2022)**

### SCOPUS

( TITLE-ABS-KEY ( *atrial* AND *fibrillation* ) AND TITLE-ABS-KEY ( *warfarin* ) OR TITLE-ABS-KEY ( *acenocoumarol* ) AND TITLE-ABS-KEY ( *factor* AND *xa* AND *inhibitors* ) OR TITLE-ABS-KEY ( *dabigatran* ) OR TITLE-ABS-KEY ( *noacs* ) AND TITLE-ABS-KEY ( *cost* ) AND TITLE-ABS-KEY ( *effective* ) AND TITLE-ABS-KEY ( *hemorrhage* ) OR TITLE-ABS-KEY ( *stroke* ) ) AND ( LIMIT-TO ( PUBYEAR , 2022 ) OR LIMIT-TO ( PUBYEAR , 2021 ) OR LIMIT-TO ( PUBYEAR , 2020 ) OR LIMIT-TO ( PUBYEAR , 2019 ) OR LIMIT-TO ( PUBYEAR , 2018 ) OR LIMIT-TO ( PUBYEAR , 2017 ) ) AND ( LIMIT-TO ( LANGUAGE , "English" ) OR LIMIT-TO ( LANGUAGE , "Spanish" ) )

#### FILTROS:

- Rango: 2017-2022
- Idiomas: Español e inglés

**60 RESULTADOS (18/03/2022)**

### COCHRANE

Atrial fibrillation AND vitamin k antagonists OR factor xa inhibitors OR dabigatran AND cost-effectiveness en Título Resumen Palabra clave


#### FILTROS:

- Rango: 01/01/2017-18/03/2022

**11 RESULTADOS (18/03/2022)**

Fonte: Elaboración propia

▪ **ANEXO VI**



▪ **ANEXO VII**

<b>PUBMED</b>	<b>INCLUÍDO/EXCLUÍDO</b>
(1) Engelter ST, Traenka C, Gensicke H, Schaedelin SA, Luft AR, Simonetti BG, et al. Aspirin versus anticoagulation in cervical artery dissection (TREAT-CAD): an open-label, randomised, non-inferiority trial. Lancet Neurol 2021 May;20(5):341-350.	Excluído por título, non presenta relación co noso estudo.
